

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DA LICITACIÓN DE CONCURSO DE IDEAS CON XURADO PARA A REDACCIÓN PROXECTO CENTRO MOCIDADE EDUSI (Expediente2020/C006/000001 )**

**EXPEDIENTE: 2020/G003/001237**

1. Mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, foi declarado en todo o territorio español o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. A Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020 suspende termos e interrompe prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Esta suspensión afectou aos expedientes de contratación administrativa tramitados polo Concello de Ames.

2. A propia Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020 recolle unha excepción no seu punto 3 establecendo que *non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este amose a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade co que non se suspenda o prazo.*

Ao abeiro desta excepción o Concello de Ames acordou, mediante resolucións motivadas, medidas de ordenación e instrución en determinados expedientes de licitación, entre os que non se atopaba o de concurso de ideas para a redacción centro mocidade Edusi.

3. O Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, modifica o número 4 da Disposición adicional terceira ampliando o seu contido nos seguintes términos: *Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente Real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizo."*

Ao abeiro desta nova redacción do número 4 da Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, o Concello de Ames acordou, motivadamente, a continuación de determinados procedementos de licitación que resultaban indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento dos servizos, entre os que tampouco se atopaba o concurso de ideas para centro de mocidade, por entender que nel non concurrían os motivos excepcionais previstos no Real decreto 465/2020, do 17 de marzo.

4. O Real decreto 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio o sector cultural e de carácter tributario para facer fronte o impacto económico e social do COVID-2019 regula na súa disposición adicional oitava a continuación e inicio dos procedementos de contratación celebrados por entidades do Sector Público durante a vixencia do estado de alarma e establece: *Aos efectos previstos no apartado 4 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dende a entrada en vigor do presente Real decreto-lei acordase o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación promovidos por entidades pertencentes ao Sector Público, no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sempre e cando a súa tramitación se realice por medios electrónicos.*

*O disposto no paragrafo anterior permitirá igualmente o inicio de novos procedementos de contratación cuxa tramitación se leve a cabo tamén por medios electrónicos.*

*Esta medida estenderase aos recursos especiais que procedan en ambos casos.*

A vista da previsión contida no Real decreto 17/2020, do 5 de maio, o Concello de Ames acordou, mediante o decreto 990/2020, do 9 de maio, o levantamento da suspensión dos expedientes de licitación que estaban en tramitación no momento de declararse o estado de alarma así como iniciar novos expedientes de licitación sempre que sexan licitacións tramitadas por medios electrónicos. Entre estes expedientes non se atopaba o de concurso de ideas para a centro de mocidade, xa que o mesmo non se tramita por medios electrónicos.

5. O Real decreto 537/2020, do 22 de maio, establece no seu artigo 9 que, con efectos dende o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos que houberan sido suspendidos rearrancase ou reiniciarase, se así se houbera previsto nunha norma con rango de lei aprobada durante a vivencia do estado de alarma e as súas prórrogas.

Este levantamento de prazos afecta o expediente de concurso de ideas para a redacción proxecto centro de mocidade, aprobado pola Xunta de Goberno Local do 13 de marzo de 2020 e cuxa suspensión, consecuencia do estado de alarma, foi anunciada na plataforma de contratación do sector público.

Se ben o levantamento de prazos é automático polo previsto no artigo 9 do Real decreto 537/2020, por razóns de seguridade xurídica dítase a presente resolución expresa.

Por todo o exposto esta Alcaldía no uso das súas atribucións, particularmente a previstas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

**RESOLVE:**

**Primeiro.** Levantar a suspensión do expediente de licitación de concurso de ideas con xurado para a redacción proxecto centro de mocidade, actuación Edusi.

O prazo de presentación de ofertas é de 30 días naturais a contar dende a publicación desta resolución na plataforma de contratación do sector público.

**Segundo.** Remitir este decreto o servizo de contratación para a realización das tramitacións necesarias para levantar a suspensión do expediente de licitación referido no punto anterior.

O alcalde  
José M. Miñones Conde

A secretaria  
Rosa Ana Prada Queipo